LINGUA ORAL - LINGUA ESCRITA	• Utilización de dicionarios xerais de tipo lingüístico para buscar información ortográfica, gramatical, etimolóxica e semántica contextualizada. • Produción de textos de carácter persoal, atendendo a: ordenación lóxica, claridade e coherencia, propiedade léxica, corrección gramatical, ortografía e presentación externa. • Análise das mensaxes que transmiten os textos escritos de opinión, prestando especial atención ás estratexias utilizadas para influír no público. • Lectura e audición de textos en lingua portuguesa, recoñecendo as semellanzas e diferenzas coa lingua galega. • Comparación de distintos folletos expositivos que presenten informacións de forma sinxela, ordenada e clara. • Lectura expresiva (entoación, pausas, énfase, etc.) de textos poéticos • Recoñecemento dos procesos retóricos máis usuais: imaxes, comparacións, personificacións, selección léxica, etc. • Creación de sinxelos textos poéticos, respectando as súas pautas formais. • Comprensión do sentido global dun texto poético, coa identificación dos grandes temas presentes nel. • Análise de textos poéticos e comprensión da función que desempeñan os diferentes recursos formais. • Recoñecemento e análise das características propias das linguaxes verboicónicas empregada polo cómic. • Identificación dos tipos de plano: xeral, enteiro, americano, medio, plano, detalle, picado e contrapicado. • Lectura de cómics identificando as imaxes en movemento e as metáforas visuais. • Interpretación da información contida nas etiquetas de produtos alimenticios.
METALINGÜÍSTICA	• Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico tratado. • Emprego de locucións prepositivas como método para o enriquecemento do vocabulario. • Elaboración de oracións seguindo unha orde lóxica e coherente. • Uso correcto de <i>rubio/roxo/louro</i>, <i>testemuña/testemuño</i>, <i>desenvolver/desenrolar</i>, <i>acordar</i>. • Uso correcto das conxuncións dentro das oracións. • Identificación dos pronomes de solidariedade. • Formación de substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais. • Recoñecemento do suplemento como estrutura sintáctica. • Distinción dos atributos e dos complementos predicativos e das unidades que desempeñan esas funcións. • Recoñecemento das funcións sintácticas que realiza o modificador e os distintos tipos de unidades que funcionan como tal.
SOCIOLINGÜÍSTICA E TRANSVERSALIDADE	• Aceptación razoada das normas de funcionamento da lingua. • Recoñecemento das relacións entre as obras, os autores e o momento histórico no que xorden. • Valoración do patrimonio oral e escrito galego como un ben colectivo que merece manterse vivo. • Análise da evolución musical que sufriu Galicia ao longo dos séculos, escoitando distintos tipos de estilos musicais de todos os tempos. • Análise crítica razoada do fenómeno da globalización dende diversas perspectivas, do consumismo, da educación ambiental e da educación para a saúde.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

16	Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.
17	Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para elaborar todo tipo de producións (descricións, narracións, diálogos, etc..) atendendo ás diferentes estruturas formais.
18	Utilizar a lingua galega para elaborar información, respectando as convencións ortográficas, a partir dos medios de comunicación tradicionais e das novas tecnoloxías.
19	Integrar os vínculos que se establecen entre a persoa, o territorio, a cultura e a lingua.
20	Identificar os fenómenos de contacto da lingua galega con outras linguas.
21	Integrar os elementos formais e os mecanismos da lingua nas propias producións, atendendo á adecuación das estruturas morfolóxicas e sintácticas.
22	Integrar informacións escritas procedentes de textos diversos referidos a un mesmo tema, coa finalidade de elaborar un texto de síntese que reflecta as informacións e os puntos de vista principais, así como as propias opinións.
23	Elaborar un resumo dunha exposición ou debate oral sobre un tema determinado.
24	Debater sobre un tema, tras a busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.
25.	Identificar o xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecer os seus elementos estruturais e os recursos estilísticos básicos e emitir opinión valorativa sobre ela.
26.	Producir textos escritos de diferente tipoloxía (narrativa, descritiva, expositiva, argumentativa, etc..), prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección establecidos.

PROPOSTA DIDÁCTICA

3º E.S.O

CURSO 2007-2008

INTRODUCCIÓN

A área de Lingua galega e literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e está orientada cara aos seguintes aspectos:

- Aprendizaxe instrumental do idioma.
- Capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas (ámbito escolar, social, cultural e profesional) mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
- Comprensión da realidade lingüística de Galicia, adoptando unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

A ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e de representación, así como a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica.

Os bloques de comunicación oral e escrita céntranse sobre todo no traballo lingüístico das relacións interpersoais e sociais e nas habilidades comunicativas precisas en todas as áreas curriculares, así como no emprego activo dos medios de comunicación e das tecnoloxías da sociedade da información.

Canto ao bloque de funcionamento da lingua, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso, e as propiedades textuais son un dos piares básicos. A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia este carácter progresivo na aprendizaxe (que ten sido descrito coa metáfora da espiral), na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

No bloque de lingua e sociedade incídese na lingua como transmisora de significados culturais. O alumnado debe comprender e valorar a realidade plurilingüe en que nos movemos, superando os prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados

contextos ou con determinadas persoas e encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

A literatura debe ser abordada dende diferentes perspectivas, de xeito que contribúa á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos. A incorporación ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E, nesa aprendizaxe multifuncional da lingua, ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos, e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Na práctica da aula é preciso integrar procedementos, conceptos e actitudes, ademais de traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir de forma comprensiva).

A aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, os compañeiros/as e os profesores/as doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado. Esta aprendizaxe non formal presentará resultados moi diferentes en función das características sociolingüísticas do estudantado. Faise necesario, polo tanto, partir da análise da realidade de cada centro, de maneira que estas variables se teñan en conta para atender á diversidade e se deseñen aprendizaxes válidas para todos e cada un dos alumnos e alumnas. En calquera caso, recoméndase poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación que o centro poña a disposición da comunidade educativa, e mais fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

En relación coa aprendizaxe non formal da lingua, cabe sinalar tamén que cumprirá traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interaccións entre iguais de maneira organizada. O traballo por proxectos que impliquen varias disciplinas é, neste sentido, de grande utilidade. Fundamentalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro: faise preciso buscar a complementariedade das programacións e evitar repeticións innecesarias dos aspectos máis teóricos, o uso de terminoloxías diverxentes para referirse aos mesmos fenómenos, causa

de enorme confusión, etc. Sobre todo, hai que buscar a maneira de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o estudantado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

Todas as materias do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos da materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA ETAPA

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

COMPETENCIAS BÁSICAS DA ETAPA

Competencia en comunicación lingüística

- Adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

Competencia social e cidadá

- Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.
- Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

Competencia no tratamento da información dixital

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

Competencia cultural e artística

- Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala como unha riqueza cultural.

Competencia para aprender a aprender

- Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

Autonomía e iniciativa persoal

- Intervención en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da linguaxe como ferramenta para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 3º DE E.S.O

- Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. Participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen e adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planificar e revisar os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos e mais coñecer e facer uso dos dereitos nesta materia.

- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

CONTIDOS DE 3º DE E.S.O

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- Análise encamiñada á comprensión e á valoración crítica da comunicación televisiva e da radiofónica coas súas especificidades.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, intervencións en simposios ou exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.

- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes das entrevistas, noticias, reportaxes e crónicas. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos

- Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións neles expresadas e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...).
- Participación en entrevistas e simposios simulados, así como en situacións de comunicación propias da vida cotiá do alumnado, adoptando o rexistro adecuado ás mesmas.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, á hora de formular e reaccionar a críticas).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos dende o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, regulamentos...
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, recoñecendo as diferenzas entre información e opinión en entrevistas, crónicas, reportaxes...
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativos e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización practicamente autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes de reportaxes, crónicas ou entrevistas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, solicitudes, etc.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos, propios do ámbito académico, elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Elaboración de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.

- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través dos modos e perífrases verbais.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores e de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a hiperonimia e a nominalización; análise e aplicación da función cohesiva das familias léxicas.
- Recoñecemento, sobre usos contextualizados, dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais.
- Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan (incluíndo as que teñen forma oracional), de cara á mellora das estruturas na construción e revisión de textos, con emprego dunha terminoloxía sintáctica axeitada.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos expositivos, alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e aplicación práctica nas interaccións orais espontáneas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre formación de palabras, familias léxicas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral e concreción no marco peninsular das causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, con manexo de textos da época e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Comprensión da situación sociolingüística galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...), desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios audiovisuais e das TIC, que permitan enfrontar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística referida aos medios de comunicación e exercicio de reclamación de dereitos lingüísticos como usuario/a por medio de diferentes intervencións orais, en simulacións ou debates, e escritas (cartas, solicitudes...).
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento das características contextuais e formais dos distintos niveis e rexistros, aplicación segundo as circunstancias da situación comunicativa e valoración da necesidade de adecuarse a elas.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo, especialmente da nosa realidade histórico-cultural anterior ao século XX.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos recitados ou cantados da literatura galega desde a Idade Media ao século XIX e da popular, comentando as motivacións e o tratamento das temáticas máis recorrentes en distintos períodos e a funcionalidade das sucesivas formas e recursos estéticos.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de prosa galega anterior ao século XX, así como de contos e lendas populares, recoñecendo as diversas concepcións da narrativa e os procedementos asociados.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego anterior ao século XX, observando as súas características.
- Desenvolvemento de tarefas colectivas pouco complexas ou elaboración de traballos sinxelos, ambos sobre as lecturas e o seu contexto (etapas, cultura e ambiente literarios, axentes, etc.), entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Análise doutras linguaxes estéticas: o cinema.
- Aproveitamento progresivamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

- **Lecturas obrigadas:** o alumnado lerá unha obra literaria recomendada polo profesor en cada un dos tres periodos lectivos en que se divide o curso académico, debendo mostrar o aproveitamento desta actividade lectora na proba correspondente realizada a tal efecto, valoración positiva imprescindible para alcanzar unha cualificación positiva na asignatura.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DE 3º DE E.S.O

- Comprende a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Así mesmo, é quen de seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identifica e contrasta o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprende e segue as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realiza exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. Participa de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribe textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planifica e revisa os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consulta de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñece e usa a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extrae os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

- Recoñece as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos e mais coñece e fai uso dos dereitos nesta materia.
- Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar; explica as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Nota: A avaliación será continua e as probas escritas incluírán temas relativos aos bloques de sociolingüística, fonética, morfoloxía, léxico e ortografía, así como de literatura e lecturas recomendadas, emitíndose unha cualificación ponderada á vista do resultado global dos exames e da actitude e evolución xeral do alumnado.

UNIDADES DIDÁCTICAS (3º E.S.O)

1ª avaliación

UNIDADE 1

1. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Identificar as ideas principais dun texto.
- Buscar información sobre temas determinados utilizando diversos medios informativos e organizala coa finalidade de realizar un debate.
- Elaborar textos de opinión sobre un tema determinado.
- Utilizar de forma correcta as formas dos verbos con alternancia vocálica.
- Utilizar con corrección o til diacrítico.
- Ampliar información sobre determinados autores ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Recoñecer os distintos elementos que interveñen en calquera situación comunicativa.

- Identificar as diversas clases de textos, así como as funcións da linguaxe que presenta cada texto.
- Recoñecer unha acta e unha solicitude e redactar este tipo de textos para conseguir determinadas finalidades.
- Recoñecer os nomes e significados dos distintos elementos que forman parte da paisaxe natural.
- Identificar os distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.
- Recoñecer as grafías, dígrafos e fonemas do galego, así como os nomes das distintas grafías e dígrafos.
- Recoñecer as distintas linguas existentes na Península e concederlles a importancia que posúen.

1. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Busca de información sobre determinados temas utilizando diversos medios.
- Participación nun debate oral organizado, amosando unha actitude de interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Elaboración de textos de opinión sobre un tema determinado, tendo en conta a coherencia, a cohesión e a presentación.
- Ampliación da información sobre determinados autores e autoras ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Identificación das diversas clases de textos, así como as funcións da linguaxe que presenta cada texto.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: actas de reunión e solicitudes.
- Utilización dun léxico amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático sobre a paisaxe natural.
- Identificación dos distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.
- Recoñecemento das grafías, dígrafos e fonemas do galego, así como dos nomes das distintas grafías e dígrafos.
- Coñecemento das distintas linguas existentes na Península e valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

1. c) Contidos

- O proceso de creación dun texto: intención comunicativa e contexto.
- As diversas clases de textos. As funcións da linguaxe.
- Os textos formalizados: definición e características das actas e das solicitudes.
- A paisaxe natural.
- Morfoloxía da palabra: lexemas e morfemas.
- Diferenza entre morfemas flexivos e derivativos (prefixos e sufixos).
- Diferenza entre sufixos alterativos e derivativos.
- Clases de palabras segundo a morfoloxía (simples, derivadas, compostas e parasintéticas).
- As familias léxicas (regulares e irregulares).
- O alfabeto. Definición de grafema, dígrafo e fonema.
- As linguas da Península. O purilingüismo.

1. d) Criterios de avaliación

- Realiza unha lectura comprensiva dun texto narrativo.
- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Identifica e sintetiza as ideas principais dun texto.
- Busca información e participa en debates orais organizados, amosando unha actitude de interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Elabora textos de opinión sobre un tema determinado, tendo en conta a coherencia, a cohesión e a presentación.
- Utiliza con corrección as formas dos verbos con alternancia vocálica.
- Utiliza con corrección o til diacrítico.
- Amplía información sobre determinados autores ou temas de interese consultando páxinas de Internet.
- Recoñece os elementos que interveñen nas situacións comunicativas.
- Identifica as diversas clases de textos, así como as funcións da linguaxe que presenta cada texto.
- Recoñece e compón textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, tales como as actas de reunión e as solicitudes.
- Recoñece e utiliza con precisión léxica os nomes e significados dos distintos elementos que forman parte da paisaxe natural.
- Identifica os distintos tipos de morfemas que compoñen as palabras.

- Recoñece as grafías, dígrafos e fonemas do galego.
- Recoñece as linguas existentes na Península e valora o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

UNIDADE 2

2. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer o contexto socioeconómico e valorar os cancioneros onde se atopan as manifestacións literarias da Idade Media.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realizar o resumo dun texto, tendo en conta a adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Elaborar textos xornalísticos (noticias) tendo en conta as características desa tipoloxía.
- Participar nun debate oral organizado, amosando interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Coñecer e analizar os textos narrativos e os seus principais elementos constitutivos.
- Recoñecer e empregar con corrección os nomes dos elementos que forman parte do medio rural.
- Coñecer as principais características formais do substantivo e empregar con corrección o xénero e o número.
- Identificar os elementos que compoñen as frases nominais e substantivas, así como as funcións que desempeñan na cláusula.
- Coñecer o sistema vocálico e o sistema consonántico e clasificar os fonemas segundo o punto e o modo de articulación e a vibración ou non das cordas vocais.
- Coñecer as características da lingua empregada nas cantigas medievais e reflexionar sobre as diferenzas existentes respecto do galego actual.
- escoitar, mediante o emprego das TIC, manifestacións literarias medievais e reparar na diferenza de pronuncia respecto da lingua actual.

2. b) Competencias básicas

- Coñecemento do contexto socioeconómico e cultural de Galicia durante a Idade Media e relación coa literatura realizada naquela época.
- Recoñecemento dos principais cancioneros medievais da literatura galego-portuguesa.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).

- Elaboración dun resumo dun texto narrativo.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación.
- Participación nun debate oral organizado, amosando unha actitude de interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Recoñecemento dos textos narrativos e dos principais elementos que os caracterizan.
- Utilización dun léxico amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático sobre o medio rural.
- Utilización adecuada do xénero e o número dos substantivos.
- Recoñecemento da frase nominal e da frase substantiva, así como das principais funcións sintácticas que desempeñan na cláusula.
- Identificación dos fonemas que compoñen o sistema vocálico e consonántico galego.
- Recoñecemento das principais características que presenta a lingua medieval empregada nas cantigas.
- Uso das TIC para buscar información e ampliar coñecementos sobre as características da lingua da Idade Media.

2. c) Contidos

- Contexto socioeconómico e cultural de Galicia durante a Idade Media: o feudalismo.
- As distintas etapas da literatura medieval (primitiva, de florecemento e de decadencia).
- Os cancioneros medievais.
- A narración. Os distintos elementos constitutivos dos textos narrativos (personaxes, argumento, espazo, tempo...).
- A estrutura da narración (Introdución, nó e desenlace).
- A voz narradora (primeira persoa e terceira persoa) e os puntos de vista (interno e externo).
- O rural: nomes dos principais elementos que se atopan no medio rural.
- O substantivo.
- O xénero gramatical: substantivos variables e invariables.
- Regras de formación do feminino.
- O número: regras de formación do plural.

- Clasificación semántica do substantivo.
- A frase nominal e a frase substantiva: elementos de que están compostas e funcións que desempeñan dentro da cláusula.
- O sistema vocálico e o sistema consonántico.
- Clasificación dos fonemas segundo o punto e o modo de articulación, así como segundo provoquen ou non a vibración das cordas vocais.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas das cantigas medievais.

2. d) Criterios de avaliación

- Coñece o contexto socioeconómico e valora os cancioneros onde se atopan as principais manifestacións literarias que se produciron durante a Idade Media.
- Le textos narrativos de forma comprensiva.
- Amplia o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Realiza o resumo dun texto.
- Elabora textos xornalísticos (noticias).
- Participa nun debate oral organizado, amosando interese, cooperación e respecto cara ás intervencións de quen fala.
- Coñece e analiza os textos narrativos e os seus principais elementos constitutivos.
- Recoñece e emprega con corrección os nomes dos elementos do medio rural.
- Coñece as principais características formais do substantivo e emprega con corrección o xénero e o número.
- Identifica os elementos que compoñen as frases nominais e substantivas, así como as funcións que desempeñan na cláusula.
- Coñece os aspectos máis salientables do sistema vocálico e do sistema consonántico do galego e clasifica os fonemas segundo o punto de articulación, o modo de articulación e a vibración ou non das cordas vocais.
- Coñece as características da lingua empregada nas cantigas medievais e reflexiona sobre as diferenzas existentes respecto do galego actual.
- Escoita, mediante o emprego das TIC, manifestacións literarias medievais e repara na diferenza de pronuncia respecto da lingua actual.

UNIDADE 3

3. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as principais características formais e temáticas das cantigas de amor e das cantigas de amigo.
- Ler de forma comprensiva textos líricos (cantigas de amor e de amigo) da Idade Media.
- Elaborar textos poéticos de creación propia.
- Consultar páxinas de internet para ampliar información sobre a lírica medieval galego-portuguesa.
- Recoñecer as características dos textos descritivos e diferenciar entre unha descrición subxectiva e unha descrición obxectiva.
- Elaborar textos descritivos, tendo en conta as características que debe presentar esta tipoloxía.
- Reflexionar sobre os motivos que provocan o emprego de datos subxectivos ou obxectivos nunha descrición.
- Ampliar o vocabulario, incorporar a fraseoloxía e ser precisos no uso do léxico referido ás relacións entre as persoas e as principais normas de convivencia non discriminatorias.
- Recoñecer as características do adxectivo, así como a diferenza entre adxectivos explicativos e especificativos.
- Empregar con corrección os distintos graos do adxectivo.
- Coñecer a frase adxectiva e os distintos elementos de que está composta, así como as funcións que pode desempeñar dentro da cláusula.
- Recoñecer e usar con corrección os grupos consonánticos.
- Identificar o ditongo, o tritongo e o hiato.
- Coñecer a lexislación existente sobre a lingua galega.

3. b) Competencias básicas

- Coñecemento dos axentes e dos xéneros literarios da lírica medieval galego-portuguesa.
- Recoñecemento das características das cantigas de amor e das cantigas de amigo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos da lírica medieval galego-portuguesa.

- Creación de textos de intención literaria partindo das características das cantigas de amigo e das cantigas de amor.
- Ampliación de información dos temas tratados na unidade mediante o emprego e a consulta das TIC.
- Recoñecemento dos textos descritivos, así como dos principais trazos e recursos que empregan.
- Composición de textos descritivos tendo en conta as características desta tipoloxía.
- Ampliación do vocabulario e precisión no uso do léxico referido ás relacións entre as persoas e as principais normas de convivencia non discriminatorias.
- Recoñecemento do adxectivo e das súas formas e funcións.
- Recoñecemento da frase adxectiva, así como dos elementos que as compoñen e das función que desempeña dentro da cláusula.
- Uso correcto dos grupos consonánticos.
- Recoñecemento e uso correcto do ditongo, tritongo e hiato.
- Coñecemento do marco legal da lingua galega.
- Utilización das TIC para informarse sobre os distintos textos legais existentes sobre a lingua galega, así como para realizar traballos de investigación referidos a este aspecto sociolingüístico.

3. c) Contidos

- A lírica medieval galego-portuguesa: os axentes literarios da época (trobadores, xogares, menestreis e soldadeiras).
- Os xéneros literarios medievais.
- As cantigas de amor: orixes, características formais e temáticas.
- As cantigas de amigo: características formais e temáticas.
- O leixapré.
- Os subxéneros das cantigas de amigo: bailadas, mariñas ou barcarolas, cantigas de romaría, albas ou alboradas.
- Xéneros menores das cantigas medievais: a pastorela, o pranto e a tenzón.
- Os textos descritivos: o retrato.
- Descrición obxectiva e descrición subxectiva.
- Somos iguais, somos diferentes.
- O adxectivo: explicativos e especificativos.

- Os graos do adxectivo: positivo, comparativo (igualdade, superioridade e inferioridade), e superlativo (absoluto e relativo).
- A frase adxectiva: elementos que a compoñen e funcións que desempeña na cláusula.
- Grupos consonánticos.
- Sílabas tónicas e sílabas átonas.
- Ditongo, tritongo e hiato.
- O marco legal da lingua galega.

3. d) Criterios de avaliación

- Coñece as principais características formais e temáticas das cantigas de amor e das cantigas de amigo.
- Le textos líricos (cantigas de amor e de amigo) da Idade Media de forma comprensiva.
- Elabora textos poéticos de creación propia.
- Consulta páxinas de internet para ampliar información sobre a lírica medieval galego-portuguesa.
- Recoñece as características propias dos textos descritivos e diferencia entre unha descrición subxectiva e unha descrición obxectiva.
- Elabora textos descritivos, tendo en conta as características que debe presentar esta tipoloxía.
- Reflexiona sobre os motivos que provocan o emprego de datos subxectivos ou obxectivos nunha descrición.
- Amplia o vocabulario e usa con precisión o léxico no referido ás relacións entre as persoas e as principais normas de convivencia non discriminatorias.
- Recoñece as características do adxectivo, así como a diferenza entre adxectivos explicativos e especificativos.
- Emprega con corrección os distintos graos do adxectivo.
- Coñece a frase adxectiva e os distintos elementos de que está composta, así como as funcións que pode desempeñar dentro da cláusula.
- Recoñece e usa con corrección os grupos consonánticos.
- Identifica o ditongo, o tritongo e o hiato.
- Coñece a lexislación existente sobre a lingua galega.

UNIDADE 4

4. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as cantigas de escarnio e maldicir, as cantigas de Santa María e a prosa medieval, así como as principais características formais e temáticas.
- Ler textos líricos medievais de forma comprensiva (cantigas de escarnio e maldicir).
- Recitar textos poéticos medievais, co ritmo e a entoación adecuados.
- Crear cantigas de escarnio e de maldicir partindo dos modelos aprendidos na aula.
- Consultar páxinas de internet para ampliar información sobre os contidos da unidade.
- Coñecer as características principais dos textos dialogados e diferenciar entre o estilo directo e o estilo indirecto.
- Elaborar textos dialogados, tendo en conta determinadas situacións e as características propias da tipoloxía tratada.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico no referido aos produtos alimenticios en relación coa nutrición.
- Recoñecer e identificar os determinantes artigos e demostrativos.
- Empregar con corrección as regras de acentuación ortográfica.
- Analizar e reflexionar sobre o uso da lingua galega no ámbito educativo.

4. b) Competencias básicas

- Coñecemento das cantigas medievais de escarnio e de maldicir, así como das cantigas de Santa María e da prosa medieval, tendo en conta as principais características que presentan.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición e recitado de textos poéticos propios da lírica medieval galego-portuguesa.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características das cantigas de escarnio e de maldicir, así como de modelos contemporáneos que seguiron aquelas manifestacións.
- Recoñecemento dos textos dialogados, así como da diferenza entre o emprego do estilo directo e do estilo indirecto.
- Composición de textos tendo en conta as características da tipoloxía de que se trata.

- Ampliación do vocabulario e uso con precisión léxica das palabras referidas á alimentación.
- Recoñecemento dos determinantes e da función que desempeñan.
- Recoñecemento dos artigos e dos demostrativos.
- Coñecemento das regras de acentuación ortográfica e uso correcto destas normas, diferenciando entre palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Coñecemento e uso correcto do til diacrítico.
- Coñecemento da situación de uso en que se atopa a lingua galega nos centros educativos.
- Participación en debates sobre o emprego da lingua galega nas aulas, adoptando o rexistro adecuado a este tipo de situacións comunicativas.

4. c) Contidos

- Cantigas de escarnio e de maldicir: características e diferenzas.
- As cantigas de Santa María.
- A prosa medieval.
- Os textos dialogados: estilo directo e estilo indirecto.
- O uso das comiñas e da raia nos textos dialogados.
- A alimentación e a saúde.
- Os determinantes: definición e clases de determinantes.
- Diferenza entre determinantes e pronomes.
- O artigo: diferenza entre artigos determinados e indeterminados.
- As contraccións do artigo coas preposicións.
- Os demostrativos.
- As regras de acentuación: palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- O til diacrítico.
- O uso do galego no ámbito educativo.

4. d) Criterios de avaliación

- Coñece as cantigas de escarnio e maldicir, as cantigas de Santa María e a prosa medieval, así como as principais características formais e temáticas.
- Le textos líricos medievais de forma comprensiva (cantigas de escarnio e maldicir).
- Recita textos poéticos medievais, co ritmo e a entoación adecuados.
- Crea cantigas de escarnio e de maldicir partindo dos modelos aprendidos na aula.

- Consulta páxinas de internet para ampliar información sobre os contidos da unidade.
- Coñece as características principais dos textos dialogados e diferencia entre o estilo directo e o estilo indirecto.
- Elabora textos dialogados, tendo en conta determinadas situacións e as características propias da tipoloxía tratada.
- Amplía o vocabulario e usa o léxico con precisión no referido aos produtos alimenticios en relación coa nutrición.
- Recoñece e identifica os determinantes artigos e demostrativos.
- Emprega con corrección as regras de acentuación ortográfica.
- Analiza e reflexiona sobre o uso da lingua galega no ámbito educativo.

2ª avaliación

UNIDADE 5

5. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos de forma comprensiva (texto informativo).
- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Elaborar un mapa conceptual dun texto informativo.
- Coñecer as especificidades dos textos informativos, atendendo ao contido, á estrutura e á expresión.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico no referido aos animais salvaxes.
- Recoñecer e empregar correctamente os determinantes posesivos, indefinidos e numerais.
- Coñecer as propiedades que debe presentar un texto: adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Recoñecer a adecuación textual como unha das propiedades textuais na cal inflúen a intención do emisor, o tema que se vai tratar, o destinatario e o soporte do texto.
- Compoñer un texto xornalístico tendo en conta a adecuación textual.
- Coñecer o contacto de linguas e os conceptos de bilingüismo e diglosia para analizar a situación sociolingüística de Galicia.

5. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto informativo).
- Ampliación do vocabulario e uso da orde alfabética por medio da busca de determinadas palabras no dicionario.
- Elaboración dun mapa conceptual, tendo en conta as características propias deste tipo de técnica da escrita.
- Recoñecemento dos textos expositivos-informativos e consideración dos tres niveis fundamentais que caracterizan este tipo de textos: contido, estrutura e expresión.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido aos animais salvaxes.
- Recoñecemento dos posesivos, indefinidos e numerais, así como das peculiaridades propias deste tipo de determinantes.

- Coñecemento das propiedades que deben presentar os textos: adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- Identificación dos factores que inflúen na adecuación textual: intención, tema, destinatario e soporte.
- Composición dun texto xornalístico tendo en conta a adecuación textual.
- Comprensión da situación sociolingüística galega coñecendo os fenómenos de contacto de linguas.

5. c) Contidos

- Os textos informativos: contido, estrutura e expresión.
- Os animais salvaxes.
- Os posesivos: posuidor e posuído.
- O uso do artigo precedendo o posesivo.
- As formas especiais do posesivo (de meu, de teu, de seu, de noso, de voso, de seu).
- Os indefinidos: variables e invariables.
- Os numerais: cardinais e ordinais.
- Os exclamativos e interrogativos.
- As propiedades do texto: adecuación, coherencia, cohesión e presentación.
- A adecuación textual: intención, tema, destinatario e soporte ou canle.
- O contacto de linguas: bilingüismo e diglosia.

5. d) Criterios de avaliación

- Le textos informativos de forma comprensiva.
- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Elabora mapas conceptuais.
- Coñece as especificidades dos textos informativos, atendendo ao contido, á estrutura e á expresión.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico no referido aos animais salvaxes.
- Recoñece e emprega correctamente os determinantes posesivos, indefinidos e numerais.
- Coñece as propiedades que debe presentar un texto: adecuación, coherencia, cohesión e presentación.

- Recoñece a adecuación textual como unha das propiedades textuais na cal inflúen a intención do emisor, o tema que se vai tratar, o destinatario e o soporte do texto.
- Compón textos xornalísticos tendo en conta a adecuación textual.
- Coñece o contacto de linguas e os conceptos de bilingüismo e diglosia para analizar a situación sociolingüística de Galicia.

UNIDADE 6

6. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer o contexto histórico dos Séculos Escuros.
- Recoñecer os poetas denominados «precursores», así como as súas obras e as principais características.
- Coñecer o contexto socio-histórico do Rexurdimento.
- Coñecer as principais fases do galeguismo: provincialismo, federalismo, rexionalismo e nacionalismo.
- Coñecer algúns autores do Rexurdimento literario: Lamas Carvajal, Manuel Leiras Pulpeiro, Marcial Valladares, Antonio López Ferreiro e Francisco Álvarez de Nóvoa.
- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Ampliar o coñecemento do vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Elaborar un texto literario narrativo como continuación doutro previo.
- Coñecer as principais características da linguaxe cinematográfica.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico relativo ao teatro e ao cine.
- Coñecer as relacións de afinidade semántica, de oposición semántica e de xerarquía semántica.
- Recoñecer e identificar a coherencia textual como unha propiedade dos textos.
- Recoñecer e identificar a cohesión textual como unha propiedade dos textos.
- Coñecer as características da lingua galega durante a Idade Moderna.
- Consultar bibliotecas dixitais para o coñecemento de obras de autores dos Seculos Escuros.

6. b) Competencias básicas

- Coñecemento do contexto histórico dos Seculos Escuros, así como das mostras literarias que se conservan desa época.
- Recoñecemento dos precursores da lingua e da literatura galega, e das principais obras: Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón.
- Coñecemento do contexto socio-histórico en que se produciu o Rexurdimento.
- Coñecemento das distintas fases polas que pasou o galeguismo: provincialismo, federalismo, rexionalismo e nacionalismo.

- Coñecemento dalgúns autores do Rexurdimento e das súas principais obras.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Ampliación do vocabulario e uso da orde alfabética por medio da busca de determinadas palabras no dicionario.
- Composición de textos de intención literaria partindo doutros traballados na aula.
- Recoñecemento e análise das principais características da linguaxe cinematográfica.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido ao teatro e ao cine.
- Recoñecemento e diferenciación das relacións semánticas que se producen entre determinadas palabras.
- Coñecemento e identificación dos factores para que un texto sexa coherente.
- Recoñecemento da cohesión entre os elementos como propiedade para a elaboración de textos.
- Coñecemento das características da lingua galega durante a Idade Moderna.
- Consulta de bibliotecas dixitais para o coñecemento de obras de autores dos Seculos Escuros.

6. c) Contidos

- Os Séculos Escuros e os precursores.
- As mostras literarias conservadas dos Séculos Escuros.
- O cine: linguaxe cinematográfica e principais conceptos.
- O teatro e o cine.
- As relación semánticas entre as palabras.
- Relacións de afinidade semántica: sinonimia, polisemia e homonimia (homógrafos e homófonos).
- Relacións de oposición semántica: antónimos, complementarios e inversos.
- Relacións de xerarquía semántica: hiperonimia, hipo­nimia e cohiponimia.
- A coherencia textual.
- A cohesión textual.
- A lingua galega durante a Idade Moderna: contexto social e características.

6. d) Criterios de avaliación

- Coñece o contexto histórico dos Séculos Escuros.

- Le textos narrativos de forma comprensiva.
- Amplía o coñecemento do vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética das palabras mediante o traballo co dicionario.
- Elabora un texto literario narrativo como continuación doutro previo.
- Coñece as principais características da linguaxe cinematográfica.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico relativo ao teatro e ao cine.
- Coñece as relacións de afinidade semántica, de oposición semántica e de xerarquía semántica.
- Recoñece e identifica a coherencia textual como unha propiedade dos textos.
- Recoñece e identifica a cohesión textual como unha propiedade dos textos.
- Coñece as características da lingua galega durante a Idade Moderna.
- Consulta bibliotecas dixitais para o coñecemento de obras de autores dos Seculos Escuros.

UNIDADE 7

7. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer a biografía e as características da obra literaria de Rosalía de Castro.
- Recoñecer e valorar as principais obras de Rosalía de Castro e as súas características estruturais e temáticas: *Cantares gallegos* e *Follas novas*.
- Ler de forma comprensiva os poemas máis representativos de Rosalía de Castro.
- Incorporar a fraseoloxía ao léxico.
- Redactar textos adecuados á tipoloxía textual esixida: a carta.
- Recoñecer textos xornalísticos e as súas características: a noticia e a crónica.
- Seleccionar e analizar noticias de diferentes seccións dun xornal e comprobar se cumpren as pautas deste tipo de textos.
- Analizar titulares de noticias e diferenciar entre os informativos e os valorativos.
- Redactar unha crónica tendo en conta as características deste tipo de textos.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico en relación cos insectos e as plantas.
- Recoñecer o pronome persoal tónico e o pronome persoal átono, así como as funcións que desempeñan na cláusula.
- Empregar con corrección o pronome de solidariedade e o pronome persoal de segunda persoa de singular (*te* e *che*).
- Colocar correctamente o pronome átono con respecto ao verbo.
- Recoñecer algúns procedementos de cohesión textual: anáfora, substitución e deíxe.
- Recoñecer as principais características da lingua galega dende a Ilustración ata o ano 1900.
- Utilizar as TIC para buscar información sobre Frei Martín Sarmiento.

7. b) Competencias básicas

- Coñecemento dos principais aspectos biográficos e da obra de Rosalía de Castro.
- Identificación e valoración das principais obras de Rosalía de Castro, así como das súas características estruturais e temáticas: *Cantares gallegos* e *Follas novas*.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto poético).
- Composición de textos adecuados ás características solicitadas.
- Recoñecemento de textos dos medios de comunicación, así como das partes que presentan eses textos: a noticia e a crónica.

- Identificación das distintas seccións dun xornal e análise crítica do distinto tratamento concedido a diferentes noticias.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación, atendendo ás características propias deses textos: a crónica.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido aos insectos e ás plantas.
- Recoñecemento das características do pronome persoal tónico e átono, así como das súas formas e das funcións que realizan.
- Uso correcto do pronome de solidariedade e do pronome de segunda persoa (*te* e *che*).
- Coñecemento das regras para a adecuada colocación do pronome átono.
- Identificación dalgúns procedementos de cohesión textual: a anáfora, a substitución e a déixe.
- Coñecemento da evolución que sufriu a lingua galega dende a Ilustración ata o 1900.
- Consulta de páxinas de internet para obter información sobre autores da época tratada.
- Elaboración de resumos despois de buscar información sobre un asunto determinado.

7. c) Contidos

- Rosalía de Castro: aspectos biográficos
- Rosalía de Castro: o significado da súa obra.
- *Cantares gallegos*: estrutura e significado.
- *Follas novas*: estrutura e significado.
- A noticia: estrutura (os titulares e o corpo).
- Os titulares das noticias: informativos e valorativos.
- A crónica: características básicas.
- O xardín: nomes das plantas e dos insectos.
- O pronome persoal: pronome tónico e pronome átono.
- As formas rectas e oblicuas dos pronomes tónicos: funcións que desempeñan.
- O pronome tónico como segundo termo dunha comparación.
- Formas e funcións do pronome persoal átono.
- O pronome persoal de segunda persoa de singular: *te* e *che*.

- O pronome de solidariedade.
- Colocación do pronome átono.
- Procedementos de cohesión textual: anáfora, substitución e deíxe.
- A lingua galega dende a Ilustración a 1900: Ilustración, Prerrexurdimento e período de eclosión.

7. d) Criterios de avaliación

- Coñece os aspectos biográficos e as características da obra de Rosalía de Castro.
- Recoñece e valora as principais obras de Rosalía de Castro e as súas características estruturais e temáticas: *Cantares gallegos* e *Follas novas*.
- Le de forma comprensiva os poemas máis representativos de Rosalía de Castro.
- Redacta textos adecuados á tipoloxía textual esixida: a carta.
- Recoñece textos xornalísticos e as súas características: a noticia e a crónica.
- Selecciona e analiza noticias de diferentes seccións dun xornal e comproba se cumpren as pautas deste tipo de textos.
- Analiza titulares de noticias e diferencia entre os informativos e os valorativos.
- Redacta unha crónica tendo en conta as características deste tipo de textos.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico en relación cos insectos e as plantas.
- Recoñece o pronome persoal tónico e o pronome persoal átono.
- Recoñece as funcións que desempeñan os pronomes persoais tónicos na cláusula.
- Recoñece as funcións que desempeñan os pronomes persoais átonos na cláusula.
- Emprega con corrección o pronome de solidariedade e o pronome persoal de segunda persoa de singular (*te* e *che*).
- Coloca correctamente o pronome átono con respecto ao verbo.
- Recoñece algúns procedementos de cohesión textual: anáfora, substitución e deíxe.
- Recoñece as principais características da lingua galega dende a Ilustración ata o 1900.
- Utiliza as TIC para buscar información.

UNIDADE 8

8. a) Obxectivos didácticos

- Recoñecer os principais aspectos biográficos e as características formais e temáticas das principais obras de Curros Enríquez: *Aires da miña terra* e *O divino sainete*.
- Ler de forma comprensiva os poemas máis significativos de Curros Enríquez.
- Ampliar o vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética mediante o traballo co dicionario.
- Elaborar unha noticia partindo do contido dun poema.
- Recoñecer a reportaxe e as súas principais características.
- Seleccionar e analizar reportaxes extraídas de revistas.
- Elaborar unha reportaxe despois de seleccionar un tema de interese.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico propio do campo semántico dos animais domésticos.
- Recoñecer as características formais dos verbos regulares, así como a función que desempeñan na cláusula.
- Recoñecer e identificar o modo e o tempo dos verbos.
- Recoñecer as alternancias vocálicas que presentan algúns verbos regulares.
- Recoñecer os verbos irregulares e as súas características.
- Usar con corrección os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma.
- Comprender a situación sociolingüística galega e as medidas normalizadoras que se levan a cabo dende diversos ámbitos sociais.
- Consultar e analizar páxinas de internet para informarse sobre aspectos relacionados coa normalización lingüística.
- Participar de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.

8. b) Competencias básicas

- Coñecemento dos aspectos biográficos máis importantes de Curros Enríquez.
- Coñecemento e valoración das características estruturais e temáticas máis salientables das principais obras de Curros Enríquez: *Aires da miña terra* e *O divino sainete*.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto poético).

- Ampliación do vocabulario e uso correcto da orde alfabética mediante a busca de determinadas palabras no dicionario.
- Composición de textos adecuados ás características solicitadas: noticia periodística.
- Recoñecemento de textos propios dos medios de comunicación, así como das partes fundamentais que presentan: a reportaxe.
- Selección e análise de reportaxes, traballando en equipo.
- Elaboración de reportaxes sobre un tema seleccionado.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido aos animais domésticos.
- Recoñecemento das características formais do verbo, así como das funcións que desempeña na cláusula.
- Coñecemento do modo e do tempo verbais.
- Diferenza entre verbos regulares e irregulares e coñecemento das características particulares que presentan estes últimos.
- Uso con corrección da puntuación.
- Comprensión da situación sociolingüística galega e das medidas normalizadoras que se levan a cabo dende diversos ámbitos sociais.
- Consulta e análise de páxinas de internet para informarse sobre aspectos relacionados coa normalización lingüística.
- Participación activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.

8. c) Contidos

- Curros Enríquez: aspectos biográficos.
- *Aires da miña terra*: estrutura e significado.
- *O divino sainete*: estrutura e significado.
- Principais trazos característicos da poesía de Curros Enríquez.
- A reportaxe: características principais.
- Os animais domésticos.
- O verbo: formas e funcións que desempeña dentro da cláusula.
- Partes básicas do verbo: tema e sufixos.
- O modo: indicativo, subxuntivo e imperativo.
- O tempo: presente, pretérito, copretérito, antepretérito, pospretérito, futuro.
- Alternancias vocálicas.

- Os verbos irregulares.
- O punto, a coma e o punto e coma.
- Normalización lingüística.

8. d) Criterios de avaliación

- Recoñece os principais aspectos biográficos e as características formais e temáticas das principais obras de Curros Enríquez: *Aires da miña terra* e *O divino sainete*.
- Le de forma comprensiva os poemas máis significativos de Curros Enríquez.
- Amplía o vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética mediante o traballo co dicionario.
- Elabora unha noticia partindo do contido dun poema.
- Recoñece a reportaxe e as súas principais características.
- Selecciona e analiza reportaxes extraídas de revistas.
- Elabora unha reportaxe despois de seleccionar un tema de interese.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico propio do campo semántico dos animais domésticos.
- Recoñece as características formais dos verbos regulares, así como a función que desempeñan na cláusula.
- Recoñece e identifica o modo e o tempo dos verbos.
- Recoñece as alternancias vocálicas que presentan algúns verbos regulares.
- Recoñece os verbos irregulares e as características que presentan.
- Usa con corrección os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma.
- Comprende a situación sociolingüística galega e as medidas normalizadoras que se levan a cabo dende diversos ámbitos sociais.
- Consulta e analiza páxinas de internet para informarse sobre determinados aspectos relacionados coa normalización lingüística.
- Participa de forma activa en debates organizados, respectando as quendas de intervención de cada unha das persoas.

3ª avaliación

UNIDADE 9

9. a) Obxectivos didácticos

- Recoñecer os principais aspectos biográficos e as características formais e temáticas das principais obras de Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos* e *Os Eoas*.
- Ler de forma comprensiva os poemas máis significativos de Eduardo Pondal.
- Localizar o tema dun texto poético.
- Coñecer as características dos textos periodísticos de opinión: o editorial, o artigo de opinión e a columna.
- Ler de forma crítica e analítica textos periodísticos de opinión, extraer o seu tema e realizar un resumo.
- Elaborar, en equipo, un editorial sobre un tema de actualidade.
- Seleccionar e analizar textos de opinión de diferentes xornais.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico do campo semántico relativo aos paxaros.
- Recoñecer as formas nominais do verbo.
- Recoñecer e empregar correctamente o infinitivo conxugado.
- Recoñecer as perífrases verbais e os seus valores semánticos e empregalas correctamente.
- Empregar con corrección os signos de puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e o guión.
- Recoñecer as variedades do galego e os distintos rexistros lingüísticos.

9. b) Competencias básicas

- Coñecemento dos aspectos biográficos máis salientables de Eduardo Pondal.
- Coñecemento e identificación das principais características estruturais e temáticas das obras de Eduardo Pondal: *Queixumes do pinos* e *Os Eoas*.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto poético).
- Ampliación do vocabulario mediante a identificación de determinados termos cos significados que se lles poden atribuír.
- Coñecemento de distintos textos propios do ámbito xornalístico: o editorial, o artigo de opinión, a columna.

- Análise e identificación de distintos textos xornalísticos indicando o xénero a que pertence cada un deles.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido aos paxaros.
- Coñecemento e identificación das formas nominais dos verbos: infinitivo, xerundio e participio.
- Coñecemento da forma do infinitivo conxugado, así como dos casos en que se pode usar e os casos en que non.
- Recoñecemento das perífrases verbais e do significado que adquiren nun enunciado.
- Uso correcto da puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e o guión.
- Recoñecemento das distintas variedades e rexistros da lingua galega.

9. c) Contidos

- Eduardo Pondal: aspectos biográficos.
- Características literarias da obra de Pondal.
- Principais temáticas da obra de Pondal: celtismo e bardismo, ossianismo, helenismo e iberismo, defensa da lingua, muller.
- Os xéneros periodísticos de opinión: o editorial, o artigo de opinión e a columna.
- Os nomes dos paxaros.
- As formas nominais do verbo: infinitivo, xerundio e participio: formas e funcións.
- O infinitivo conxugado: casos en que debe usarse e casos en que non se pode usar.
- As perífrases verbais e os seus valores de significado.
- Os dous puntos, os puntos suspensivos e o guión.
- Variedades dialectais e rexistros lingüísticos.

9. d) Criterios de avaliación

- Recoñece os principais aspectos biográficos e as características formais e temáticas das principais obras de Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos* e *Os Eoas*.
- Le de forma comprensiva os poemas máis significativos de Eduardo Pondal.
- Localiza o tema dun texto poético.
- Coñece as características dos textos periodísticos de opinión: o editorial, o artigo de opinión e a columna.

- Le de forma crítica e analítica textos periodísticos de opinión, extrae o seu tema e realiza un resumo.
- Elabora, en equipo, un editorial sobre un tema de actualidade.
- Selecciona e analiza textos de opinión de diferentes xornais.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico do campo semántico relativo aos paxaros.
- Recoñece as formas nominais do verbo.
- Recoñece e emprega correctamente o infinitivo conxugado.
- Recoñece as perífrases verbais e os seus valores semánticos e emprégaaas correctamente.
- Emprega con corrección os signos de puntuación: os dous puntos, os puntos suspensivos e o guión.
- Recoñece as variedades do galego e os distintos rexistros lingüísticos.

UNIDADE 10

10. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer a literatura popular de transmisión oral, así como as súas características e os distintos xéneros.
- Recoñecer a influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor.
- Ler textos de forma comprensiva (entrevista).
- Compoñer textos de creación propia tratando un tema determinado.
- Recoñecer as características da entrevista.
- Seleccionar e analizar entrevistas.
- Elaborar unha entrevista tendo en conta as características propias deste tipo de textos.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico do campo semántico relativo aos animais do mar.
- Recoñecer e clasificar as palabras segundo sexan voces patrimoniais, semicultismos ou cultismos.
- Recoñecer e localizar os conectores textuais como elementos que serven para conectar entre si os enunciados que compoñen un texto.
- Recoñecer a cultura inmaterial galego-portuguesa e a necesidade de conservala como legado cultural transmitido oralmente de xeración en xeración.
- Consultar distintas páxinas de internet para obter información sobre a cultura inmaterial galego-portuguesa.

10. b) Competencias básicas

- Coñecemento das principais características e xéneros da literatura popular de transmisión oral.
- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (entrevista).
- Composición de textos de creación propia tratando un tema determinado.
- Coñecemento de distintos textos propios do ámbito xornalístico: a entrevista.
- Elaboración dunha entrevista tendo en conta as súas características principais.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido aos animais do mar.

- Recoñecemento e distinción entre as voces patrimoniais, os semicultismos e os cultismos.
- Identificación e clasificación dos conectores textuais como elementos que enlazan entre si os enunciados que compoñen un texto: aditivos, opositivos, causais ou consecutivos e organizadores do discurso.
- Recoñecemento da cultura inmaterial galego-portuguesa e da necesidade de conservala como legado cultural transmitido oralmente de xeración en xeración.

10. c) Contidos

- A literatura popular de transmisión oral: características básicas.
- Os xéneros da literatura popular de transmisión oral: a prosa (conto e lenda), o verso (cantigas infantís, cantos de labor, cantos enumerativos, coplas, parrafeos, cantos de costumes, romances, cantos de Nadal e Reis...)
- Entrevista ao Mago Antón.
- A entrevista: características principais.
- Análise dunha entrevista.
- Pasos para realizar unha entrevista.
- Os nomes dos animais do mar.
- Voces patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- Definición de étimo.
- Os conectores textuais: aditivos, opositivos, causais ou consecutivos e organizadores do discurso.
- A cultura inmaterial galego-portuguesa.

10. d) Criterios de avaliación

- Coñece a literatura popular de transmisión oral, así como as súas características e os distintos xéneros.
- Recoñece a influencia que a literatura popular de transmisión oral tivo na literatura escrita de autor.
- Le textos de forma comprensiva (entrevista).
- Compón textos de creación propia tratando un tema determinado.
- Recoñece as características da entrevista.
- Selecciona e analiza entrevistas.

- Elabora unha entrevista tendo en conta as características propias deste tipo de textos.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico do campo semántico relativo aos animais do mar.
- Recoñece e clasifica as palabras segundo sexan voces patrimoniais, semicultismos ou cultismos.
- Recoñece e localiza os conectores textuais como elementos que serven para conectar entre si os enunciados que compoñen un texto.
- Recoñece a cultura inmaterial galego-portuguesa e a necesidade de conservala como legado cultural transmitido oralmente de xeración en xeración.
- Consulta distintas páxinas de internet para obter información sobre a cultura inmaterial galego-portuguesa.

UNIDADE 11

11. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos de forma comprensiva (texto narrativo).
- Ampliar o vocabulario e manexar con soltura a orde alfabética mediante o traballo co dicionario.
- Identificar o tema e realizar un resumo dun texto narrativo.
- Compoñer textos propios atendendo ás características da tipoloxía: carta.
- Compoñer de forma colectiva un texto atendendo a unhas pautas determinadas.
- Recoñecer e identificar os textos publicitarios, así como os recursos lingüísticos e expresivos empregados na súa elaboración.
- Analizar de forma crítica as mensaxes publicitarias, considerando os seus aspectos positivos e os seus aspectos negativos.
- Elaborar textos publicitarios, atendendo ás súas características específicas.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico do campo semántico relativo ao tempo meteorolóxico.
- Recoñecer as preposicións, as locucións preposicionais e as frases preposicionais, tendo en conta a súa forma e as funcións que poden desempeñar.
- Recoñecer o adverbio e a frase adverbial, así como as funcións que poden desempeñar.
- Recoñecer a estrutura interna que presentan os parágrafos que forman un texto.
- Compoñer parágrafos nos cales se distingan con claridade os seus constituíntes: frase inicial, frases centrais e frase final.
- Elaborar textos de composición propia atendendo a determinadas pautas: microrrelatos.
- Recoñecer o uso que se fai da lingua galega en internet.
- Consultar xornais dixitais en internet.

11. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto narrativo).
- Ampliación do vocabulario e uso da orde alfabética por medio da busca de determinadas palabras no dicionario.
- Identificación do tema dun texto e elaboración dun resumo onde se plasmen as súas ideas principais.

- Composición de textos adecuados ás características solicitadas: carta.
- Composición dun texto colectivo tendo en conta unhas pautas determinadas.
- Recoñecemento das características propias dos textos publicitarios, así como dos principais recursos estilísticos que empregan.
- Composición de textos publicitarios.
- Busca, selección e análise crítica dos contidos dos textos publicitarios.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido ao tempo meteorolóxico.
- Recoñecemento das preposicións, locucións preposicionais e das frases preposicionais, así como dos elementos que compoñen estas últimas e das funcións que desempeñan.
- Recoñecemento dos adverbios e das frases adverbiais, así como dos elementos de que están compostas estas últimas e das funcións que desempeñan na cláusula.
- Recoñecemento da estrutura interna que deben presentar os parágrafos, así como dos seus constituíntes principais.
- Composición e textos adecuados ás características solicitadas: microrrelatos.
- Coñecemento do emprego que se fai da lingua galega en internet, así como dos recursos tecnolóxicos que contribúen ao seu uso.

11. c) Contidos

- Os textos publicitarios: características máis destacables.
- Recursos estilísticos dos textos publicitarios.
- O tempo meteorolóxico.
- Preposicións e locucións preposicionais: formas e funcións.
- A frase preposicional: elementos de que está composta e funcións que realiza.
- O adverbio: clasificación dependendo do significado.
- A frase adverbial: elementos que a compoñen e funcións que pode desempeñar.
- Estrutura do texto: o parágrafo.
- A estrutura interna dos parágrafos: frase inicial, frases centrais e frase final.
- A lingua galega en internet.

11. d) Criterios de avaliación

- Le textos narrativos de forma comprensiva.

- Amplía o vocabulario e manexa con soltura a orde alfabética mediante o traballo co dicionario.
- Identifica o tema e realiza un resumo dun texto narrativo.
- Compón textos propios atendendo ás características da tipoloxía: carta.
- Compón de forma colectiva un texto atendendo a unhas pautas determinadas.
- Recoñece e identifica os textos publicitarios, así como os recursos lingüísticos e expresivos empregados na súa elaboración.
- Analiza de forma crítica as mensaxes publicitarias, considerando os seus aspectos positivos e os seus aspectos negativos.
- Elabora textos publicitarios, atendendo ás súas características específicas.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico do campo semántico relativo ao tempo meteorolóxico.
- Recoñece as preposicións, as locucións preposicionais e as frases preposicionais, tendo en conta a súa forma e as funcións que poden desempeñar.
- Recoñece o adverbio e a frase adverbial, así como as función que poden desempeñar.
- Recoñece a estrutura interna que presentan os parágrafos que forman un texto.
- Compón parágrafos nos cales se distingan con claridade os seus constituíntes: frase inicial, frases centrais e frase final.
- Elabora textos de composición propia atendendo a determinadas pautas: microrrelatos.
- Recoñece o uso que se fai da lingua galega en internet.
- Consulta xornais dixitais en internet.

UNIDADE 12

12. a) Obxectivos didácticos

- Ler textos de forma comprensiva (cómic).
- Recoñecer as características e a linguaxe dos cómics.
- Seleccionar cómics e analizar os elementos que os conforman.
- Ampliar o vocabulario e usar con precisión o léxico do campo semántico relativo ás herbas, árbores e froitas.
- Recoñecer as conxuncións e locucións conxuntivas e as interxeccións.
- Compoñer textos dialogados utilizando interxeccións.
- Recoñecer a estrutura interna que presentan os parágrafos que forman un texto, tendo en conta a súa extensión e a das oracións que os forman.
- Coñecer o papel que desempeñan as bibliotecas como promotoras e difusoras da cultura.
- Consultar e analizar bibliotecas virtuais.

12. b) Competencias básicas

- Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (cómic).
- Composición de textos adecuados ás características solicitadas.
- Recoñecemento das principais características e da linguaxe propia dos cómics.
- Ampliación do vocabulario e uso con precisión do léxico propio do campo semántico referido ás herbas, árbores e froitas.
- Recoñecemento das conxuncións, as locucións conxuntivas e as interxeccións.
- Recoñecemento da adecuada extensión que deben ter as oracións dos parágrafos dun texto.
- Coñecemento do papel que cumpren as bibliotecas como elementos de promoción e difusión da cultura.

12. c) Contidos

- Os cómics: principais características da linguaxe dos cómics.
- A importancia do guión.
- Herbas, árbores e froitas.
- As conxuncións e as locucións conxuntivas: coordinantes, subordinantes e oracionais.

- A interxeccións.
- Estrutura do texto: o parágrafo.
- A extensión da oración.
- A biblioteca.

12. d) Criterios de avaliación

- Le cómics de forma comprensiva.
- Recoñece as características e a linguaxe dos cómics.
- Selecciona cómics e analiza os elementos que os conforman.
- Amplía o vocabulario e usa con precisión o léxico do campo semántico relativo ás herbas, árbores e froitas.
- Recoñece as conxuncións e locucións conxuntivas e as interxeccións.
- Compón textos dialogados utilizando interxeccións.
- Recoñece a estrutura interna que presentan os parágrafos que forman un texto, tendo en conta a súa extensión e a das oracións que os forman.
- Coñece o papel que desempeñan as bibliotecas como promotoras e difusoras da cultura.
- Consulta e analiza bibliotecas virtuais.

PROPOSTA DIDÁCTICA

4º E.S.O

CURSO 2007-2008

TÉCNICAS DE EXPRESIÓN ESCRITA

I- OBXECTIVOS XERAIS.

Os obxectivos propostos serán alcanzados a medio e longo prazo, procurando atender ás dificultades concretas do alumnado de xeito individualizado.

- Coñecer o funcionamento do proceso comunicativo: os elementos materiais da comunicación, a intención comunicativa, a actividade lingüística como interacción social, a cooperación entre os interlocutores e a negociación do significado.
- Fomentar o interese do alumno cara á lingua escrita, de xeito que se preocupe de redactar con adecuación, precisión e claridade.
- Favorecer a autonomía do alumno/a verbo da produción escrita de texto: que aprenda a autocorrexirse, consultar dicionarios, gramáticas, etc.
- Recoñecer os diferentes tipos de textos e as súas características específicas.
- Practicar a comprensión de textos pertencentes aos actos comunicativos máis comúns na vida cotiá (cartas, instancias, informes, etc.).
- Analizar as propiedades gramaticais e textuais (coherencia, cohesión, adecuación, gramática, presentación) de diferentes textos coa finalidade de ampliar a comprensión do texto e poder empregar técnicas semellantes na produción.
- Desenvolver as estratexias da composición escrita: analizar, xerar ideas, organizalas, redactar, revisar e valorar.
- Comprender e producir todo tipo de textos escritos, desenvolvendo actividades reflexivas críticas.
- Utilizar con fluidez recursos básicos de expresión escrita como a puntuación, os estilos directo e indirecto, a modalidade oracional e figuras retóricas máis habituais.

II- CONTIDOS:

II.1. CONTIDOS CONCEPTUAIS.

A materia a traballar está dividida en 5 bloques de contidos, pero non presentamos a súa periodización por entender que non se poden desenvolver dun xeito illado na aula, senón que se integrarán globalmente na práctica da expresión escrita.

Ademais, hai que ter en conta que se descoñece o nivel do grupo, tanto a nivel ortográfico como de destrezas e habilidades no proceso da escritura. Os bloques dos contidos son os seguintes:

- *A comunicación e o código escrito:*

- Elementos da comunicación escrita.
- As funcións da lingua escrita.
- Características da comunicación escrita.
- Diferencias básicas entre o discurso oral e o discurso escrito.
- Os textos mixtos, orais e escritos.

- *As propiedades do texto escrito:*

- Corrección ou gramaticalidade (construción de frases, gramática normativa).
- Cohesión do texto. Mecanismos de cohesión.
- Coherencia do texto (selección e organización da información. Estructura de cada tipo de texto. O parágrafo como unidade).
- Adecuación do texto.
- Presentación do texto.

- *Tipoloxía de comunicación escritas:*

- Tipoloxía de comunicacións escritas segundo a súa función.
- Tipoloxía de comunicacións escritas segundo a seu ámbito.

- *O proceso de composición de textos:*

- Elaboración e recursividade no proceso de escribir.
- Pasos do proceso de escribir.

- *Os recursos expresivos do código escrito:*

- Estilística. Posibilidades expresivas da lingua. Valores expresivos da sintaxe e da puntuación. As figuras e os recursos retóricos.
- A puntuación. Funcións e usos.

- O ton do texto. A actitude do autor e a súa expresión na prosa.

II.2. CONTIDOS PROCEDEMENTAIS:

- Análise dos elementos principais de varias comunicacións escritas.
- Clasificación de textos escritos segundo as súas funcións.
- Transformación dalgún escrito a partir do cambio dalgún dos seus elementos básicos.
- Toma de notas de discursos orais.
- Corrección de textos propios ou doutros, consultando dicionarios, gramáticas e outras fontes.
- Identificación dos elementos de cohesión en textos escritos.
- Redacción de textos a partir de frases desconectadas, utilizando todo tipo de conectores.
- Análise de parágrafos, identificando tema, estrutura e función.
- Análise do nivel de formalidade dun texto escrito.
- Transformación de textos especializados en versións máis accesibles.
- Análise dos usos tipográficos actuais: cursivas, negriñas, columnas ..., nalgún texto escrito.
- Disposición dun escrito nunha folla, buscando a máxima eficacia e beleza.
- Análise de modelos variados de diferentes tipos de texto.
- Análise de formulismos e das expresións arquetípicas de cada tipo de texto.
- Elaboración persoal de exemplos de cada tipo de texto.
- Análise dos elementos da comunicación escrita pra planificar o texto.
- Elaboración dun proxecto de traballo sobre calquera propósito de escritura.
- Xeración de ideas propias para un texto.
- Activación dos coñecementos previos sobre o tema.
- Utilización de técnicas creativas.
- Busca e consulta de todo tipo de fontes.
- Organización de ideas.
- Redacción e textualización dun tema dado.
- Avaliación do escrito.
- Revisión do escrito e reelaboración dos aspectos mellorables do texto.
- Transformación de textos breves dun estilo a outro.

- Creación de textos breves que conteñan figuras retóricas e outros recursos.
- Puntuación de todo tipo de textos.
- Lectura detallada de textos de opinión e comprensión do seu senso global e detallado.

Non se especifica un manual ou libro de texto concreto, senón que se recorrerá a diferentes textos literarios, xornalísticos, etc., primando unha metodoloxía eminentemente práctica. Publicacións recomendadas:

